

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, preséntase o informe económico de gastos no que se acredita a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Réxime xurídico de aplicación

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.

Acordo do Consello de Ministros o 6 de outubro polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro sobre a ratificación da suspensión das regras fiscais para os anos 2020-2021.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

1



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 1 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

I.- Consideracións xerais

O artigo 165 do TRLRFL, regula o contido dos orzamentos integrantes do orzamento xeral, establecendo no seu apartado 1, que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria.

Pola súa parte, o artigo 3 da LOEPSF, regula o principio de estabilidade orzamentaria, establecendo que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 12 da LOEPSF, regula a Regra de gasto, establecendo que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, nos requirimentos de información, establece que no prazo fixado, antes do 31 de xaneiro, remitiranse os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orde, dos investimentos previstos realizar no exercicio e no tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento (PAIF), e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Achegarase igualmente a información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, SEC-2010.

O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda.

O artigo 15 da LOEPSF, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, coa proposta do Ministro de Facenda e Administracións Públicas e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 2 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

O artigo 13 da LOEPSF, instrumenta o principio de estabilidade financeira, fixando o límite do volume de débeda pública, definida de acordo co Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo, do conxunto de Administracións Públicas non poderá superar o 60 por cento do Produto Interior Bruto nacional expresado en termos nominais, ou o que se estableza pola normativa europea.

Este límite distribuirase de acordo coas seguintes porcentaxes, expresados en termos nominais do Produto Interior Bruto nacional: 44 por cento para a Administración central, 13 por cento para o conxunto de Comunidades Autónomas e 3 por cento para o conxunto de Corporacións Locais.

De acordo á Disposición Transitoria Primeira da LOEPSF, o cumprimento destes límites queda diferido ao ano 2020.

Obxectivos previstos para o ano 2020-2021

A Comisión Europea acordou a suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que obriga a manter baixo control o déficit e a débeda. A Comisión Europea e o Consello aprobaron o pasado marzo activar a cláusula xeral de salvagarda. E máis recentemente, no mes de setembro, comunicouse que a cláusula de salvagarda manterase activa en 2021.

Dita activación implica que non se suspenden os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pero permite aos Estados membros pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fixada con anterioridade á crise.

Por tanto, a suspensión das regras fiscais prodúcese en cumprimento das medidas adoptadas pola UE para reforzar a resposta á crise e desenvolver un marco de reconstrución, transformación e resiliencia para seguir avanzando.

O Goberno na sesión do Consellos de Ministros de data 6 de outubro aprobou a suspensión da senda de estabilidade vixente e deu visto e prace ao teito de gasto non financeiro do Estado de 2021. Tamén deu a posibilidade de utilización do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non computando os empregos nos anos 202/2021.

Esta medida implica que quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para 2021, así como os fixados para o período 2021-2023 aprobados polas Cortes Xerais en marzo e que quedaron desfasados na situación actual.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 3 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

O Congreso dos Deputados aprobou o 20 de outubro de 2020, suspender as regras de disciplina orzamentaria para o 2020 e 2021. O obxectivo é que Estado e autonomías poidan aumentar o seu gasto para atender as esixencias derivadas da crise sanitaria e económica e que os concellos poidan usar os remanentes de anos anteriores para empregos non finalistas.

Como fixo constar a Ministra de Facenda, a suspensión das regras é "temporal" e que, en "en canto as circunstancias económicas permítano", o Goberno presentará un plan de reequilibrio a medio prazo para reorientar as contas públicas.

Neste sentido, lembrou que a previsión do Executivo xa inclúe unha redución do déficit público no 2021 (do 11,3% do PIB previsto para o ano 2020 ao 7,7% no ano 2021) e da débeda pública (do 118,8% do PIB para o ano 2020 ao 117,4% o ano 2021).

Ademais, aínda neste escenario de suspensión da consolidación fiscal, existirán uns niveis de déficit de referencia que servirán para permitir o funcionamento orzamentario ordinario de ambos os exercicios.


O Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que sirvan como orientación e guía. O déficit de referencia para España no ano 2020 será do 11,3 e do 7,7% para 2021.

Índices de referencia para o ano 2021:

- O déficit da Administración Xeral do Estado será do 5,2% (xa que asume o custo dos 31.882 millóns das transferencias á Seguridade Social e comunidades autónomas),
- as comunidades autónomas do 1,1%,
- a Seguridade Social, do 1,3%,
- as entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% e tamén poderán facer uso dos seus remanentes de tesouraría este ano e o que vén, grazas á suspensión das regras fiscais.

En resumo, non hai obxectivo de estabilidade, aínda que si un índice de referencia. En calquera caso, os Orzamentos do Concello para o ano 2021, inicialmente formáronse nun escenario de estabilidade, o déficit, segundo as previsións de Liquidación do ano 2021, o aportará a execución da incorporación de remanentes financiada con recurso financeiro que conforma o RLTX que está a financiar as Modificación orzamentarias números 63 e 64/2020. A previsión da contía da incorporación de remanentes ao orzamento do ano 2021 financiadas co RLTX, está prevista en uns 45 millóns de euros.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Tampouco hai TRCPIB₂₀₂₁, a suspensión dos obxectivos non fixou un marco para o ano 2022, descoñecendo cal vai a ser a metodoloxía de cálculo para fixar a TRCPIB₂₀₂₂.

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020, pecharon ao ano 2019 cun endebedamento do 1,9% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliable dende o ano 2016.

En relación aos ingresos

As ordenanzas fiscais non tiveron revisión de tipos, polo que as variacións que se produzan, con signo positivo ou negativo, teñen orixe nas variacións tendenciais que marca cada ano a conxuntura económica.

A variación pola cesión de Tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE) e a contía do Fondo Complementario de Financiamento (FCF), están axustadas ás entregas a conta do ano 2020, polo que, os axustes son de tipo técnico, axustando as previsións contidas no Orzamento do ano 2020 á realidade que determinan as entregas a conta.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 429.626 horas, cun cofinanciamento de 9,7 euros/hora, sendo o custe 16,69 euros. O gasto tamén está cuantificado tendo en conta o número de horas, polo que si se fixese unha prestación menor, a redución no ingreso tamén tería efectos no estado de gastos. Para o servizo do CEDRO, faise a previsión de acordo ao convenio coa FEGAMP, faise un axuste á baixa en relación co ano anterior.

Como resume en relación cos recursos, a mellora está relacionada cos convenios de outras administracións que financiarán empregos correntes e de capital non financeiro así como nos axustes das entregas a conta. Non se produce unha mellora nos recursos propios xa que o Concello non aprobou unha actualización fiscal, as variacións positivas ou negativas en cada caso, teñen orixe en axustes nos padróns fiscais.

II.- Análise económico do estado de gastos

A análise vaise facer para os estados consolidados co criterio de consolidación do TRLRFL, é dicir, entidades con Orzamento limitativo: Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, se prexuízo da incorporación ao informe das magnitudes que representan as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación nos termos que regula a Lei Orgánica 2/0012.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 5 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

O estado de gastos das operacións correntes non financeiras da Entidade ten unha variación positiva do 0,89% en relación co do ano anterior, os estados consolidados, crecen un 0,83%. Este aumento que será explicado e xustifico, ten orixe no incremento do contrato de prestación do SAF, o prezo revisado do contrato de Tratamento integral de residuos, a prestación correspondente ao novo contrato de xardíns e P. Infantís, o contrato de incorporación de novas tecnoloxías e mantemento da rede semaforica, o programa de inmersión lingüística, o programa de emprego Vigo pola inserción Laboral da Administración Central, o contrato de vixilancia e asistencia sanitaria en praias, o contrato de apertura e peche das instalación deportivas no extrarradio, ademais, das dotacións relacionadas coa COVID 19 de desinfección de instalacións deportivas, colexios, parques infantís, vías públicas e prazas, cuxa contía prevista para a metade do ano é de 1.407.000,00 euros, aínda que en termos anuais, pode ser maior de 3 millóns de euros.

En canto as operacións de capital, a súa variación é dun (16,83%) no Orzamento da Entidade e dun (16,78%) nos estados consolidados.

A variación dos empregos non financeiros é dun (1,28%) na Entidade Local e dun (1,34%) nos estados consolidados.

A variación total do orzamento en relación co ano 2020, é do (1,33%) na Entidade Local e dun (1,39%) nos estados consolidados.


III.- Análise funcional do gasto

Os créditos ordénanse segundo a súa finalidade, con arranxo á clasificación por áreas de gasto, políticas de gastos, grupos de programas e programas. A análise que se achega o fai a nivel políticas de gasto, por conformar uns empregos homoxéneos que posibilita determinar de xeito inequívoco para que se gasta. A información está a reflectir os estados consolidados. A táboa que se amosa, reflicte a variación das políticas de gasto de acordo a estrutura da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, rexistrando tanto a variación cuantitativa.

Inclúese no informe e nos estados que forma parte do mesmo, a información consolidada.

O expediente artellouse de acordo cos requirimentos que establece TRLRFL, é dicir, completos, pero aínda así, considérase necesario para facilitar a transparencia dos datos, a inclusión das cifras consolidadas e a súa análise.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Política pública	Concepto	Importe ano
01	Débeda	5.000,00
13	Mobilidade e seguridade cidadá	36.869.394,58
15	Vivenda e urbanismo	29.631.783,78
16	Benestar comunitario	51.995.608,97
17	Medio ambiente	13.160.506,78
22	Outras prestacións a favor dos empregados	1.343.556,49
23	Servizos sociais e promoción social	19.438.659,18
24	Fomento de emprego	5.687.750,44
31	Sanidade	2.256.688,41
32	Educación	15.400.592,07
33	Cultura	13.376.900,45
34	Deporte	11.664.689,18
43	Comercio e Turismo	5.936.786,87
44	Transporte Público	12.646.400,00
49	Outras actuacións de carácter económica	683.410,39
91	Órganos de Goberno	5.343.452,53
92	Servizos de carácter xeral	22.313.133,27
93	Administración tributaria y financeira	15.793.582,33
94	Transferencias a outras admin. públicas	463.141,28
Total		264.011.037,00

A análise por programas reflíctese na memoria.

Incorpóranse ao informe os estados orzamentarios resumidos por Áreas de Gasto e por capítulos, tanto da Entidade Local como os consolidados, establecéndose os estados comparativos en relación cos do orzamento do ano 2020. A finalidade é a de conseguir unha visión simplificada da información orzamentaria, que con independencia da análise técnica que se desenvolva no informe, posibilita unha visión concluínte, tendo en conta os estados comparativos.

Amósanse de seguido os cadros comparativos da distribución Orzamentaria atendendo á natureza económica e por Áreas de gasto, tendo en conta a estrutura aprobada pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

7



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 7 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142


CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS 2021 E COMPARATIVA CO ANO 2020

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2020	Importe 2021	Variación %	Importe 2020	Importe 2021	Variación %
1	70.028.171,00	70.028.171,00	0,00%	113.296.218,00	113.666.541,40	0,33%
2	128.215.073,84	131.221.341,30	2,33%	8.708.898,82	8.975.743,44	3,06%
3	3.530,00	8.530,00	141,64%	40.156.209,00	40.709.477,00	1,38%
4	33.882.508,26	32.940.184,38	-2,72%	81.735.182,76	84.650.720,37	3,57%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.687.000,00	2.811.396,00	4,63%
Operc. Corr.N.F	232.729.283,10	234.798.226,68	0,89%	246.583.508,58	250.813.878,21	1,72%
6	30.781.098,51	25.517.628,30	-17,10%	,00	,00	0,00%
7	1.618.050,46	1.429.385,44	-11,66%	18.544.923,49	10.931.362,21	-41,05%
Operacións N.F	265.128.432,07	261.745.240,42	-1,28%	265.128.432,07	261.745.240,42	-1,28%
8	646.000,00	500.000,00	-22,60%	646.000,00	500.000,00	-22,60%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	265.774.432,07	262.245.240,42	-1,33%	265.774.432,07	262.245.240,42	-1,33%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2020-2021

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2020	2021		2020	2021	
0	Débeda Pública	,00	5.000,00	100,00%	,00	5.000,00	100,00%
1	Servizos Públicos básicos	133.640.589,22	129.891.497,53	-2,55%	135.589.229,53	131.657.294,11	-2,90%
2	Actuación de protección e promoción social	26.386.879,58	26.469.966,11	0,31%	26.386.879,58	26.469.966,11	0,31%
3	Producción B. públicos carácter preferente	42.899.282,51	42.698.870,11	-0,47%	42.899.282,51	42.698.870,11	-0,47%
4	Actuacións de carácter económico	19.486.482,64	19.266.597,26	-1,13%	19.486.482,64	19.266.597,26	-1,13%
9	Actuacións de carácter Xeral	43.361.198,12	43.913.309,41	1,27%	43.361.198,12	43.913.309,41	1,27%
Total		265.774.432,07	262.245.240,42	1,33%	267.723.072,38	264.011.037,00	-1,39%





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2020-2021


CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2020	Importe 2021	Variación %	Importe 2020	Importe 2021	Variación %
1	75.451.540,74	75.451.540,74	0,00%	113.296.218,00	113.666.541,40	0,33%
2	130.150.271,39	133.004.120,34	2,19%	8.708.898,82	8.975.743,44	3,06%
3	3.530,00	8.530,00	141,64%	41.598.359,71	42.092.099,68	1,19%
4	28.052.543,26	27.129.832,18	-3,29%	82.208.672,36	85.000.894,27	3,40%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.688.000,00	2.812.396,00	4,63%
Operac. Corr.N.F	234.257.885,39	236.194.023,26	0,83%	248.500.148,89	252.547.674,79	1,63%
6	31.109.136,53	25.785.628,30	-17,11%	,00	,00	0,00%
7	1.678.050,46	1.499.385,44	-10,65%	18.544.923,49	10.931.362,21	-41,05%
Operacións. N.F	267.045.072,38	263.479.037,00	-1,34%	267.045.072,38	263.479.037,00	-1,34%
8	678.000,00	532.000,00	-21,53%	678.000,00	532.000,00	3,94%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
Total	267.723.072,38	264.011.037,00	-1,39%	267.723.072,38	264.011.037,00	-1,39%

No seguinte cadro vaise amosar a variación en relación aos últimos seis anos das Operacións Correntes Non Financeiras. A análise faise para os estados consolidados, eliminando así o sesgo que se puidese incorporar pola variación dos Organismos Autónomos, aínda que estes tiveron a súa integración nos orzamentos do ano 2016

O orzamento da Entidade, reflicte a totalidade do gasto tanto da Entidade como o dos Organismos Autónomos disoltos (IMD, Vigo ZOO e EMAO), integrados con programa propio e de xestión centralizada, polo que, os custes do servizo de persoal, contratación, contabilidade, fiscalización, secretaria, orzamentario, tesourería e demais que se consideran transversais, pasaron a ser desenvolvidos polos servizos municipais, o que supón un aforro na estrutura de custes.

Empregos	Anos						Total Variación
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
GNF Correntes	-212.747.391,00	-215.845.236,00	-220.109.389,00	-225.740.718,00	-234.257.885,39	-236.194.023,26	-1.344.894.642,65
INF Correntes	225.259.986,42	229.843.593,53	234.026.454,38	240.334.548,19	248.500.148,89	252.547.674,79	1.430.512.406,20
Superávit Corr.	12.512.595,42	13.998.357,53	13.917.065,38	14.593.830,19	14.242.263,50	16.353.651,53	85.617.763,55





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)


CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2020	Importe 2021	Variación		Importe 2020	Importe 2021	Variación
G. Persoal	295.044,96	295.045,00	0,00%	Ingresos actividade	66.046,81	41.000,00	-37,92%
Cons. eléctrico	68.168,00	100.000,00	46,70%	Subv. doazóns	740.000,00	740.000,00	0,00%
Exposicións	164.116,86	104.238,00	-36,49%	Achegas usuarios	15.000,00	10.000,00	-33,33%
Outros g. Activ.	270.977,00	268.977,00	-0,74%	Patrocinio La Caixa	10.000,00	10.000,00	0,00%
G.Financeiros	1.000,00	1.000,00	0,00%				0,00%
Amortiza. Inmv.	31.739,99	31.740,00	0,00%				
Total	831.046,81	801.000,00	-3,61%		831.046,81	801.000,00	-3,61%

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2020	Importe 2021	Variación		Importe 2020	Importe 2020	Variación
G. Persoal	181.383,13	181.383,13					
Cons. e gast. xestión	10.500,00	38.101,87		Subv. doazóns	218.000,00	218.000,00	
Publ.mat. Promoc.	17.601,87	3.000,00		Achegas socios	9.000,00	9.000,00	
Acc. promoción	264.000,00	264.000,00		Out. ingresos	250.000,00	263.000,00	
P. outros entes	3.515,00	3.515,00					
Operac. N.F	477.000,00	490.000,00	0,00%		477.000,00	490.000,00	0,00%

Non se inclúe a Fundación FAIMEVI por estar en proceso de liquidación, unha vez que xa hai sentenza sobre os aspectos que foron recorridos, só remata a liquidación formal e a súa comunicación ao Ministerio de Hacienda e aos órganos de Control Externo.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 14:28	Páxina 10 de 28
	Expediente 69/142	CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

IV.- CAPITULO I.- GASTOS DE PERSOAL.

Capítulo	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2021	Total 2020	Variación
1	70.028.171,00	5.423.369,74	295.045,00	181.383,13	75.927.968,87	75.927.968,87	,00

Este Capítulo recolle a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo.


Reflicte tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Por outra banda, tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No Programa 9120, reflíctense as retribucións dos Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial e as do persoal eventual, tanto os de gabinete como os asesores dos grupos políticos municipais. Estas dotacións están reflectidas, partidas 1000000, 1100000 e 1600001. Están dotados para todo o ano os postos vacantes que figuran na RPT vixente. Tamén os custes da Seguridade Social a cargo do Concello.

Figuran neste capítulo, as dotacións para o Plan Emprego de inserción cofinanciado polo FEDER, programa DUSI, así como os programas de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero e o programa da primeira experiencia laboral para menores de 30 anos que figuran no programa 2410. No programa 9200, están dotados os gastos para os contratos de apoio á xestión do programa DUSI, así como as dotacións para outras modalidades de contratación, a dotación para as relacións laborais indefinidas por sentenza, os complementos variables destinados a Produtividade e Gratificacións. No programa 2210, dótase o Fondo Social, o Seguro colectivo de vida e accidentes, a asistencia médica do persoal e a achega municipal ao Fondo de Pensións. En canto á formación, salvo os plans de formación anual, que se dota no programa 9201, as demais, cada programa ten a súa propia dotación, que ten por finalidade a de facer fronte aos gastos de inscrición nas xornadas ou cursos específicos.

Tendo en conta o número de postos da RPT vacantes, dotados orzamentariamente para todo o ano, as prazas que non están incluídas en ningunha OEP por limitacións legais, poderán conformar recursos para suplementar se fose necesario as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Tamén as dotacións dos postos vacantes, poderán ser utilizados, previa tramitación da modificación orzamentaria, para outros empregos deste Capítulo.

Respecto das prazas vacantes dotadas orzamentariamente e que non figuran incluídas nas Ofertas de Emprego aprobadas, non poden ser cubertas baixo ningunha modalidade das previstas na vixente lexislación.

En relación coa posibilidade de tramitar as preceptivas modificacións orzamentarias para complementar as aplicacións orzamentarias referenciadas co financiamento dos recursos xerados polas vacantes que non están asociadas a ningunha OEP aprobada, ou estando aprobadas están pendentes de executar, poderíase acometer unha racionalización da plantilla, facendo unha amortización das prazas que non poden ser incluídas en ningunha OEP ou transformando algunhas para axustar a estrutura da plantilla ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración electrónica, xerando uns recursos que poderían destinarse no proceso de formación do Orzamento anual a dotar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000 coas estimacións anuais de gasto. De non acometer este proceso de racionalización, tendo en conta o principio económico de recursos escasos, así como o de eficiencia de gasto, no é posible dotar ao mesmo tempo todas as vacantes, a sabendas que non se poden cubrir, e a dotación para o financiamento das devanditas aplicacións, polo que, o financiamento que suplemente as devanditas aplicacións, sempre será con cargo a vacantes, salvo que se acometa un proceso de racionalización.

O Orzamento previsto para o capítulo I no orzamento do ano 2021, non experimenta variación algunha respecto da do ano 2020, prevéndose unha conxelación das retribucións dos traballadores ao servizo do sector público.

De resultar que unha norma aprobada con posterioridade estimase unha actualización non prevista nestes orzamentos, cada un dos programas orzamentarios, no se capítulo I, dispón de vacantes que habería que facer axustes con cargo ás mesmas, dotando os postos ocupados coa porcentaxe que correspondese á actualización.

En relación coa Taxa de Reposición de Efectivos, estase a manter o previsto no artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos do Estado para o ano 2018. As Administracións Públicas que no exercicio anterior (2020) haxan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto, terán unha taxa de reposición do 100 por cen. Adicionalmente, poderán dispor dunha taxa do 8 por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos, sempre dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas. Para as entidades locais, os límites de débeda serán os que fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 12 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

A porcentaxe de taxa adicional será do 10 por cento para as entidades locais que, ademais dos requisitos anteriores, tivesen amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior. En resume, se se dan todas as circunstancias, a TRE pode chegar ao 110%.

As Administracións Públicas que non cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e de regra do gasto terán unha taxa de reposición do 75 por cento, coa excepción dos ámbitos de actuación regulamentados no apartado UN.3 do artigo 19 da Lei 6/2018.

Para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía Autonómica e Policías Locais a taxa de reposición será do 115 por cento.

Tendo en conta o acordo do Consello de Ministros do 6 de outubro e o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro de 2020, ao estar suspendidas as regras fiscais para os anos 2020-2021, non é de aplicación a redución ao 75% da TRE, polo que, hai que interpretar, salvo mellor criterio, que a OEP do ano 2021, pode alcanzar o 100% da TRE.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.


Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial

No gasto orzamentado están incluídas as vacantes asociadas ás OEP aprobadas pendentes de executar.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2020, así como as vacantes que se foron producindo no período e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 14:28	Páxina 13 de 28
Expediente 69/142	CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Concello-Pleno en sesión de data 1 de xullo de 2019 e a súa actualización no orzamento do ano 2020.

Retribucións dedicacións exclusiva e parcial

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 69.218,38 euros/ano, actualizado, 70.70.775,46 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 59.582,74 euros/ano, actualizado, 60.923,10 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 41.137,16 euros/ano, actualizado 42.067,68 euros/ano.

Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Sres. Concelleiros, para o ano 2020, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, dáse cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual.

En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

Dedicacións exclusivas (12)

Ademais do alcalde-presidente realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

10 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

14



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 14 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Dedicacións parciais (3)

1 Marea

2 Grupo Municipal Socialista

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004 e reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

Persoal eventual (20 postos, deles 5 vacantes)

Incluídas as que corresponden ao persoal dos grupos políticos municipais.

A1: 13 postos, dos que 4 están vacantes.

C2: 7 postos, dos que 1 está vacantes.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (Orde EHA/3565/2008 e Orde HAP/419/2014), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desagregación atendendo aos grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 do TREBEP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 70.028.171 euros, sen variación en relación co ano 2020. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 26,70% e un 29,83% sobre os gastos correntes non financeiros.

Os custes do capítulo dos estados consolidados para a RPT vixente, é de 75.451.540,74 euros, sen variación en relación co ano 2020, representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 28,58% e un 31,95% sobre os gastos correntes non financeiros.

V.- CAPITULO II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.

Capítulo	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2021	Total 2020	Variación
2	131.221.341,30	1.802.391,84	473.215,00	305.101,87	133.802.050,01	130.952.201,26	2.853.363,75

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

15



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 15 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Análise económico.

Xustificación das variación máis salientables

1.- Addenda ao Convenio asinado coa Excm. Deputación de Pontevedra polo financiamento do plan de asfaltado que afecta ao gasto corrente non financeiro por unha contía de 1.00.000,00 euros.

2.- Pola financiamento outorgado pola Administración Central ao programa de inserción laboral que ten unha anualidade no ano 2021 de 779.986,35 euros.

3.- Variación importante en contratos:

Novo contrato prestación do servizo de parques e xardíns, parques infantís, biosaudables e espazos de lecer, incremento 812.900,00 euros.

Contrato de inserción laboral, 530.000,00 euros, que pasa o crédito do capítulo IV ao II.

Novo contrato de Servizo de Axuda no Fogar, incremento da prestación con unha dotación adicional en relación co ano 2020, de 785.486,00 euros.

Novo contrato de desbroce e limpeza de masa vexetal fincas con risco de incendio, 300.000,00 euros.

Novos contratos de Escolas infantís, incremento do gasto, 325.840,00 euros.

Aumentos en dotacións para desinfección de: Colexios, Instalacións deportivas, Museos, Vías Públicas,, Parques infantís e subministros de protección COVID 19, incremento do gasto, 1.407.000,00 euros.

Este capítulo reflicte os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio e desenvolvemento das actividades propias da Entidade Local, cuxa regulación está prevista no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ademais daquelas previstas no capítulo 25 da mesma norma e aquelas outras desenvolvidas por delegación.

De acordo ao previsto no artigo 7 da LRBRL, as competencias das Entidades locais son propias ou atribuídas por delegación. Só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II da Entidade ascende a 131.221.341,3 euros, que supón unha variación do 2,33% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2020, e representa un 50,03% respecto do total do orzamento e un 58,88% sobre os gastos correntes non financeiros.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

16



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 16 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Nos estados consolidados dos entes con orzamento limitativo, este capítulo ascende a 133.004.120,34 euros, supón unha variación do 2,19% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2020, representa o 50,38% sobre o orzamento total e o 52,66% sobre os gastos correntes non financeiros.

Este capítulo reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotados de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais naqueles casos que o PCAP tiña previsto esta posibilidade.

Os servizos máis relevantes que se recollen neste capítulo son: os da recollida dos residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, recollida selectiva, tratamento de residuos, mantemento de contedores e papeleiras, mantemento da rede semafórica, recollida de vehículos da vía pública, mantemento de xardíns e parques infantís, limpeza de colexios, limpeza de dependencias municipais, mantemento de alumeadado público, mantemento da rede viaria, mantemento de túneles, pintado dos viarios, mantemento de cemiterios, mantemento de beirarrúas, escolas infantís, escola de música, escola de teatro, escola de danza, escola de música tradicional, mantemento de colexios, mantemento de instalacións deportivas e culturais, prestación de servizos deportivos, cobertura de riscos, programas de metadona, centros de día, centro de servizos sociais, programas de infancia e maiores, programa de ludotecas, prestación de servizos financeiros, servizo de axuda no fogar, promoción económica da cidade, programas de inmersión lingüística, Programa socio-educativo de apoio familiar e alugueiros de bens inmóbeis.

En canto as subministracións, os máis representativos son: os de enerxía eléctrica, comunicación, combustibles, vestiario, material de oficina non inventariable, así como os contratos de prestación para o funcionamento normal dos restantes servizos.

Queda igualmente reflectido neste capítulo, aquel gasto que non ten o carácter de obrigatorio pero que ten como finalidade o desenvolvemento das competencias dos entes locais, tal é o caso das políticas culturais, educativas, deportes, lúdicas, de xuventude, de igualdade, etc.

Dótase neste capítulo, unha previsión para os primeiros seis meses do ano 2021 para os contratos de desinfección de: Colexios, Instalacións deportivas, Museos, Vías Públicas, Parques infantís e subministros de protección COVID 19. O incremento do gasto é de 1.407.000,00 euros. Se no segundo semestre concorre a mesma situación, haberá que facer un axuste nas aplicacións con cargo a aquelas actividades e prestacións que non se executasen polos efectos da pandemia. Non se ten en conta o custe dos desequilibrios que está a xerar a caída de usos que afectan a determinado tipo de prestacións.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 17 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Este capítulo ten unha parte do seu financiamento con cofinanciación doutros axente públicos.

A porcentaxe de financiamento alleo finalista é do 5,36% do capítulo II dos estados consolidados.

Empregos con financiamento afectado no capítulo 2.

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento					
			DUSI	Adif	Xunta	M.Fomento	A.Central	D.Ponteved.
2410.2270610	18241051	DUSI, OT9: LA18.Emprend. E PYMES	240.317,56					
2310.2270611	21231011	DUSI, Obxectivo OT9, LA20, 20% formación	17.600,00					
1539.2260200	18153900	DUSI, comunicación, obxectivos -liñas	40.000,00					
2310.2279901		Lei de dependencia, Plan Concertado,X Galicia			4.167.372,00			
3112.2279901		CEDRO, Xunta de Galicia			535.618,00			
2410.2279920	20241020	Proxecto Vigo pola Inserción Laboral					779.986,35	
1532.2100004	20153214	Plan de asfaltado en barrios						1.000.000,00
1510.2270602		Redacción PXOM, XMU			205.700,00			
1510.2279907		Oficina de rehabilitación, XMU			144.473,90			
Total			297.917,56	0,00	5.053.163,90	0,00	779.986,35	1.000.000,00
			7.131.067,81					

Análise funcional do gasto


Área de gasto 1, comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios. Hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente. O capítulo 2 desta área reflicte a totalidade dos contratos de prestación dos servizos básicos, ten un crecemento do 1,95% na Entidade e dun 1,72% nos estados consolidados

A Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego, teñen un crecemento do 0,31% nos estados consolidados. Nesta área, están as becas de comedor, axudas para libros, axuda para alugueiros, alimentos e carencia enerxética, axudas a familias e fondo de emerxencia para desafiuzamentos e políticas de igualdade de xénero.

O programa de Servizos Sociais ten un crecemento do 2,45% e a política 23, o seu crecemento é do 2,35%.

Na Área de gasto 3, na política 33, de cultura, as dotacións, cos axustes das anualidades de investimento, mantéñense as do ano precedente. O capítulo 2 ten un crecemento tendencial do 0,07%.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 14:28	Páxina 18 de 28
	Expediente 69/142	CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

A promoción do deporte e instalacións deportivas, que se reflicte na política 34, seguen a manter as dotacións tanto no capítulo 2 e 4 na promoción do deporte.

En canto á Área de gasto 4, actuacións de carácter económico, onde está comercio, turismo e industria, o contrato de promoción da cidade, ten que facer os axustes temporais dos contratos de promoción a través dos operadores aéreos, xa que na actualidade estes contratos de prestación non é posible a súa licitación.

A Área de gasto 9, ten a súa orixe nos investimentos en medios electrónicos e informáticos para dar cumprimento ao previsto nas Leis 39 e 40/2015. Así mesmo, tamén hai un volume de investimentos importante no programa de Patrimonio, onde hai que destacar o Estadio de fútbol de Balaidos, esta área ten un crecemento do 1,27%.

Como resume na memoria do gasto por políticas de Gasto, en xeral, hai unha constante anual no aumento das dotacións orzamentarias nas políticas de gastos, aínda que este crecemento está condicionado sempre pola evolución dos recursos, tanto propios como os alleos.

Aínda na conxuntura actual na que están de forma temporal suspendidas as regras fiscais e os obxectivos de consolidación fiscal, para garantir o control dos gastos correntes non financeiros así como sustentabilidade a teor da limitación dos recursos, aplícase o protocolo de suma cero, calquera novo gasto ou ampliación do mesmo, require que a unidade proponente reduza gasto no mesmo programa funcional ou noutro da súa área de competencia ou aporte novos ingresos para financiar o novo ou maior gasto (pay-go), como fórmula para acadar os equilibrios orzamentarios e de garantir unha disciplina orzamentaria. Seguindo o modelo orzamentario proposto, se acometeron os novos gastos financiados con baixas noutras partidas.

VI.- CAPITULO III.- GASTOS FINANCIEROS

Este Capítulo inclúe os seguintes conceptos:


Xuros de préstamo a longo e corto prazo.

Xuros de demora.

Gastos de formalización.

Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 8.530 euros para facer fronte a calquera eventualidade de xuros por depósito de garantías. A dotación é testemuñal, sendo a súa finalidade a de manter unha aplicación aberta para acometer si fose o caso, unha modificación orzamentaria.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda tanto polos custes financeiros como pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha, habéndose producido nos catro últimos anos (2013-2016), unha amortización extraordinaria de débeda financeira por unha contía de 44.825.788,57 euros, e unha amortización ordinaria no mesmo período de 24.620.600,51 euros.

O capítulo 3 do estado de gastos non ten na práctica significado algún, non representado porcentaxe sobre os gastos correntes non financeiros nin sobre a totalidade do orzamento.

VII.- CAPÍTULO IV.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONES CORRENTES,

Capít.	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2020	Axus.consolidación	Total 2020
4	32.940.184,38	,00	,00	3.515,00	32.943.699,38	-6.679.965,00	26.263.734,38

Os axustes do consolidación son as transferencias de financiamento ao grupo de consolidación:

- Xerencia Municipal de Urbanismo: 5.829.965,00 euros
- Fundación MARCO: 650.000,00 euros.
- Fundación Convention Bureau: 200.000,00 euros.


Empregos con financiamento afectado no capítulo 4.

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento					
			FEDER-DUSI	Adif	Xunta	M.Fom.	A.Central	D. Pontevedra
4411.4700001		Subvención ao Transporte Urbano Colectivo						1.295.527,00
Total			,00	,00	,00	,00	,00	1.295.527,00

Gasto do capítulo 4 a Sistemas de financiamento.

Aplicación	Emprego	Importe
3330.4890000	Fundación Liste	125.000,00
3330.4890001	Fundación Laxeiro	80.000,00
3410.4890002	Fundación Vide	125.000,00
9420.4630000	Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo	178.570,64
9420.4680000	Entidade Menor de Bembrive	284.570,64
Total		793.141,28

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 14:28	Páxina 20 de 28
	Expediente 69/142	CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Transferencias á Xerencia e Fundacións do grupo de consolidación

Aplicación	Emprego	Importe
1510.4100000	XERENCIA Municipal de Urbanismo	5.829.965,00
3330.4890003	Fundación MARCO	650.000,00
4320.4890000	Fundación C.BUREAU	200.000,00
Total		6.679.965,00

A contía prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes para o ano 2021 é de 32.940.184,38 euros, cunha variación do (2,72%) en comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 12,57%, e do 14,03% sobre os gastos correntes non financeiros da Entidade.


Nos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, que se elimina no proceso de consolidación.

Nos estados consolidados, a contía é de 27.129.832,18 euros, cunha variación en relación co ano anterior do (3,29%). Este capítulo representa un 10,28% sobre o total do orzamento e un 11,49% sobre o gasto corrente non financeiro.

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as seguintes dotacións:

- Transferencia a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta PASVIGO e outras tarxetas subvencionadas, polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Convenio FOAMPA.
- Transferencia a Mancomunidade de Municipios.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, etc).
- Convocatoria das axudas ao emprego e para a creación de empresas.
- Convocatoria de axudas a alugueiros, alimentos e carencia enerxética.
- Transferencias nominativas para eventos e determinados clubs de elite.
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142


- Transferencias ás Fundacións: MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO, CONVENTIUN BUREAO.
- Subvencións aos Grupos Políticos Municipais.
- Concatoria de axudas ONG.
- Convenio UNED.
- Convenio Universidade de Vigo.

RELACIÓN DE TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES, ORZAMENTO 2021

Programa	Código	Importe
Seguridade e tráfico	1330	5.000,00
Urbanismo	1510	5.899.965,00
Fomento	1532	180.000,00
Acción Social	2310	4.172.660,00
Igualdade de xénero	2311	427.518,64
Emprego	2410	1.846.000,00
Cedro	3112	95.000,00
Servizos Educativos	3230,3231,3260	1.561.539,31
Área Cultura	3330,3331,3340	2.160.700,00
Normalización lingüística	3341	10.000,00
Xuventude	3370	77.000,00
Festas	3380	771.000,00
Deportes	3410	1.691.500,00
Comercio	4310	50.000,00
Turismo	4320	469.612,80
Transporte Público	4410	12.600.000,00
Área Alcaldía	9120	183.560,15
Participación Cidadá	9240	295.600,00
Transf. Administracións (MAIV, E.Men)	9420	463.141,28
TOTAL, 4		32.959.797,18

Achégase a documentación que xustifica a condición de nominativa no orzamento.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Achégase a relación por programas de gasto a condición de subvención nominativa, na que se relaciona o programa, a Entidade beneficiaria con se NIF e a finalidade da mesma.

VIII.- CAPÍTULO V.- FONDO DE CONTINXENCIA

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco, para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei, estende ás Corporacións Locais a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un Fondo de continxencia.

O artigo 31 da citada norma, establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incluírán nos seus Orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

1.- En cumprimento do previsto no artigo 31 da LOEOeSF, o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 de euros.

2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, e que puidesen xurdir ao longo do ano 2021.


3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais.

O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL.

Non hai variación en relación co ano anterior, representa o 0,29% do total do orzamentado da entidade e un 0,27% nos estados consolidados.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

IX.- CAPITULO VI.- INVERSIONS REAIS

Resume de investimentos por grupo de programa, estado consolidado.

G. de programa	Investimento	
	Xestor	Importe
132	Seguridade e Orde Público	11.000,00
133	Ordenación tráfico	2.000,00
136	Servizo de extinción de incendios	1.100.000,00
151	Urbanismo	268.000,00
153	Fomento	13.005.411,96
161	Abastecemento e saneamento	20.000,00
162	Recollida de RSU	15.000,00
165	Alumeado	447.807,00
171	Parques e Xardíns	1.081.000,00
172	Protección e mellora do M. ambiente	102.619,34
231	Acción Social	1.514.000,00
241	Fomento de emprego	30.000,00
323	Promoción educativa	394.000,00
326	Servizos complementarios educativos	19.000,00
332	Bibliotecas e arquivos	15.000,00
333	Museos	50.000,00
336	Patrimonio histórico	161.290,00
337	Ocio e tempo libre	10.000,00
342	Instalacións deportivas	421.500,00
431	Comercio	50.000,00
432	Promoción turística	8.000,00
912	Órganos de goberno	3.000,00
920	Administración xeral	712.000,00
924	Participación cidadá	108.000,00
933	Xestión do patrimonio	6.237.000,00
Total		25.785.628,30

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

24



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 24 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

No expediente incorpórase o detalle dos investimentos, ademais, tamén se fai a relación nun dos informes orzamentarios.

A contía dos investimentos consolidados é de 25.785.628,30 euros, representa un 9,77% do orzamento total.

O superávit ordinario (recursos ordinarios-empregos ordinarios) para financiar o plan de investimentos representa un 57,61% da totalidade dos empregos.


O financiamento alleo que corresponde aos empregos en investimentos ten como axentes públicos os seguintes: FEDER, ADIF, XUNTA DE GALICIA, MINISTERIO DE FOMENTO e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Empregos con financiamento alleo correspondentes aos investimentos

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento					
			DUSI	Adif	Xunta	M.Fomento	A.Central	D.Ponteved.
2310.6320010	21231010	DUSI,OT9,LA21,Restrut.A.Social, c. cidade	432.000,00					
2310.6320011	21231011	DUSI, OT9, LA 19, 80% Inv.P. FORM/ ESPEC.	518.400,00					
2310.6400012	21231012	DUSI, OT9 LA20 Mellora proc. xestión interna	259.200,00					
9207.6260003	18920703	DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, equipos	138.516,08					
9207.6400005	18920715	DUSI,OT2, LA4, Plataf. smart city, Inmaterial	115.912,32					
9207.6400004	18920714	DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá.	80.000,00					
9207.6400006	18920716	DUSI, OT2, LA5, Open Goberment, inmaterial.	52.800,00					
1532.6090090	19153290	Obras túnel acceso a estación Intermodal		3.805.379,28	793.619,28			
1532.6190091	19153291	Hum. Avd. Madrid (Seminario Pza. España)				1.497.617,69		
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. F. Balaídos						2.940.000,00
Total			1.596.828,40	3.805.379,28	793.619,28	1.497.617,69	0,00	2.940.000,00
								10.633.444,656

Incorpórase a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, regulado pola Orde HAP/2427/2015. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os servizos vinculados ao programa son: 1539, 2310, 2410, 9200 e 9207. No Orzamento reflíctese o cofinanciamento que lle corresponde ao Concello en cada un dos obxectivos para a anualidade 2021 e os compromisos correspondentes ao financiamento do FEDER que teñen a condición de investimentos.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 14:28	Páxina 25 de 28
	Expediente 69/142	CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Así mesmo, reflíctese o financiamento de Adif, Xunta e Concello para as obras de acceso á estación do AVE a a Intermodal, sendo as porcentaxes as seguintes: Adif, 70,64%, Xunta de Galicia, 8,6% e Concello, 20,77%.

As obras do Ramal de conexión Estación autobuses coa AP-9, por unha contía de 4.804.255,51 euros, son financiadas por Adif: ano 2019: 280.017,95, 2020: 2.380.152,61, 2021: 140.008,98, Xunta, ano 2019: 200.407,60, 2020: 1.703.464,57, 2021: 100.203,80 euros.

Inclúese como axente ao Ministerio de Fomento polas obras de mellora da Avenida e Madrid, cun cofinanciamento do 66,67%.

As obras do Estadio de Balaídos, onde o cofinanciamento é ao 50% coa Deputación de Pontevedra.

Forma parte da documentación que conforma o expediente orzamentario, un plan de investimentos que recolle os dos anos 2021 -2024.

X.- CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS DE CAPITAL.

Son de aplicación a este Capítulo, as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente receptor con destino a financiar operacións de capital dos axentes.

A contía destas achegas ascende á 1.499.385,44 euros na Entidade Local, que supón unha variación do (10,65%) en relación ao exercicio 2020, cunha ponderación do 0,55% sobre o total do Orzamento.

No Orzamento consolidado, a contía é a mesma que na Entidade Local, cunha variación do (10,65%) e unha ponderación orzamentaria do 0,57% sobre o Orzamento total.

É un capítulo que ten unha importante estabilidade, que nestes dous últimos anos tivo unha alteración polo convenio asinado coa EPE, edificios intelixentes, no cal, o investimento é de 5 millóns de euros, a Entidade Local achega 1 millón, con 0,5 millóns en cada unha das anualidades 2020, 2021, sendo esta a xustificación do incremento deste capítulo nos dous últimos anos.

Capít.	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2021	Axus.consolidación	Total 2020
7	1.499.385,44	,00	,00	,00	1.499.385,44	,00	1.499.385,44

As dotacións que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2021

26



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 26 de 28

Expediente 69/142

CSV: 23E182-48E886-DADDCF-RPG5QM-YAK4MG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Aplicación	Proxecto	Investimento	2021
			Rc propios
1510.7800000	21151008	Axudas Accesibilidade edificios	50.000,00
1510.7800001	21151009	Axudas Edificios históricos	20.000,00
1510.7670000	21151030	Transferencia para o Plan Actuación CCVV	44.444,00
1532.7239000	21153200	Convenio Adif, Xunta Concello, acceso Estación AVE e intermodal	47.067,93
1532.7500000	21153200	Convenio Adif, Xunta Concello, acceso Estación AVE e intermodal	174.207,51
1610.7230090	19161090	Convenio Concello, Aguas de Galicia, Confederación Hidrográfica Miño-Sil	36.666,00
2310.7800000	21231000	Subvención a mellora de fogares	50.000,00
4910.7230000	20191000	Achega EPE edificios intelixentes, 2º anualidade	500.000,00
3360.7800010	21336010	Subvención mellora do Patrimonio Histórico Artístico/Relixioso	100.000,00
3420.7700000	21342000	Subvención instalacións deportivas centros educativos	150.000,00
3420.7800011	21342011	Axudas a melloras en Instalacións deportivas	150.000,00
9240.7800002	21924003	Asociación nenos hiperactivos, ANHIDA	2.000,00
9240.7800010	21924010	Subvencións entidades cidadás e colectivos	175.000,00
Total			1.499.385,44 *

XI.- CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS


As dotacións provisionais deste capítulo son de 500.000 euros na entidade e de 532.000,00 nos estados consolidados, e ten como finalidade a tramitación de anticipos ao persoal.

A dotación representa un 0,20 por 100 sobre o total do orzamento consolidado.

XII.- CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCEIROS

O Capítulo IX reflicte o gasto correspondente ás cotas de amortización anual das diferentes operacións de endebedamento financeiro.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2021

Expediente: 69/142

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha, habéndose producido no período de catro anos (2013-2016), unha amortización extraordinaria de débeda financeira por unha contía de 44.825.788,57 euros, e unha amortización ordinaria no mesmo período de 24.620.600,51 euros.

XIII.- CONCLUSIÓN

En resumo, a totalidade dos créditos consignados no estado de gasto do orzamento son suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles a este Concello por tódolos conceptos coñecidos na fase procedimental de formación do proxecto do orzamento para o ano 2021, e polo tanto, suficientes para facer fronte aos contratos vixentes así como aquelas outras previstas no orzamento e os gastos de funcionamento operativo dos distintos servizos de competencia municipal.

As transferencias de financiamento a outras administracións, e o financiamento afectado contido no orzamento que non computa na avaliación da regra de gasto ten a seguinte composición:

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda : Jaime Aneiros Pereira

(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019)

